

## Autopoética

Aquí estamos.

O de Joyce xa foi a hostia. Para matalo. Colleu nas mans con xeitiño a linguaxe literaria que herdara en *Dubliness*, e logo rompeuna, machacouna, estirouna, ensarillouna e volveuna compoñer en *Ulises*. Ficaba aberta unha nova agra estesa por traballar, a linguaxe literaria contemporánea. Pero el mesmo a labrou ata agostala, e percorreu todo o camiño do *Finnegans Wake*, que é un río longo e escuro. Joyce, el só, cerra unha xeira da literatura occidental, abre outra e clausúraa tamén. Se non fose porque está morto era para matalo.

O herdo que deixou, unha ollada lúcida e implacable sobre a linguaxe, a conciencia, o ser humano. Nunca, pero menos aínda despois de *Ulises*, un escritor pode ser inocente. O escritor contemporáneo nace co pecado orixinal da autoconsciencia. E a excesiva autoconsciencia produce esterilidade e inmovilidade.

Joyce tamén nos deixou o lado escuro desa lucidez extrema e esterilizante. Unha ollada lúcida o que ve é a falla de senso, o absurdo. Os camiños da linguaxe e da conciencia contemporánea levan aos confusos ruídos tateados por un idiota de Faulkner, de Beckett. A verdade é que non sabemos senón parafrasear a Joyce e a Dadá.

Por sorte para min, eu teño tódolos defectos e virtudes do can vagabundo que canea polas rúas esfameado, desconfiado e cheo de magoaduras. Un destes defectos-virtudes é ser recastado. Son recastado de case todo. Porque teño un

---

\* Xesús Miguel de Toro Santos, Santiago de Compostela, Xaneiro de 1956. Comeza a escribir cunhas certas pretensións ós 17 anos. Pranta ós 18 e adícase en adiante á militancia política de esquerdas, ós estudos (Licenciado en Xeografía e Historia -Arte Moderno e Contemporáneo) e a gañar a vida. Empeza a escribir de novo no ano 82, ata hoxe. Algunhas vocacións que ten frustradas son a de artista plástico e director de cine. En calquera caso, non se sente alleo de todo a esas linguaxes artísticas.

Ten publicado *De 10 a 11*, accesit no concurso de narracións breves "Modesto R. Figueiredo", 1982 (Edicións do Castro, Sada-A Coruña 1983); *Caixón desastre*, premio "Galicia" da Universidade, 1983 (Universidade de Santiago de Compostela, Secretariado de Publicacións, Santiago de Compostela 1984); *Polaroid*, premio da Crítica de Galicia, 1987 (Edicións. Xerais de Galicia, Vigo 1986); *Land Rover* (Ed. Xerais de Galicia, Vigo 1988). "A Paixón segundo San Mateo" (en VV.AA. *Sede Central*, Edicións do Clube Cultural Adiante, Secretaría Técnica de Publicacións da CXTG-IN, Vigo 1989).

ramalazo conceptual e sangue desa parentela tan ilustre que citei antes pero tamén levo inevitablemente sangue de Charlot, Jinks, Pixie e Dixie, Bugs-Buny, Don Angel Siseñor, Mortadelo, os Beatles, os Kinks, o Xestal, os Tamara, Young Rascals... Ou sexa que hai en min e no que fago cultura de masas, cultura dos medios, e mais da outra. Aspiracións sublimes e os máis baixos instintos. ¿Ou aspiro ao sublime a traveso do rastreiro? Agora que o penso, non sei.

Teño tamén outro defecto-virtude, que é non saber estar quedo, así que un día me puxen a escribir outra vez e aquí estou dalle que tumba. Escribo porque me presta e mais porque, movido por esa singular soberbia que caracteriza ás persoas que publican o que escriben, dou por suposto que podo aportar unha ollada que, por persoal, é distinta sobre o discurso da linguaxe e as percepcións diso que chamamos “realidade”. E desde logo que me encantaría ter cen mil lectores no meu idioma e millóns en traducións, mais sei que o lector a quen máis lle pode interesar o que eu escribo é aquel canto máis mestizo mellor. Non escribo pensando en lectores de sangue azul nin de caste de funcionarios de literatura, aínda que se lles gusta qué ben. E son ética e esteticamente rigorosamente plebeo. Gustaríame acadar unha retórica da miseria, ou do lixo, ou da carencia. Da precariedade. Pero iso si, o bonito sería chegar a ser un escritor pop, cousa que non sei moi ben o que é pero que estou certo que me apetece.

Suso de Toro.  
30-Agosto-89.

É unha risa.

Río e intercambio gracias cos amigos e xogamos os viños aos chinos e acordamos xogar un partidoño de futbito este sábado ás seis e seguimos facendo chistes a berros e agora rimos moito porque estamos a falar de mulleres. De mulleres. Ai que risa, de mulleres. Moito rimos cando falamos de mulleres os meus amigos e mais eu. Rimos moito todos. Case sempre que nos xuntamos intercambiamos gracias e xogamos os viños aos chinos e acordamos xogar un partidoño de futbito este sábado ás seis e logo seguimos facendo chistes a berros e logo rimos moito porque non me digades como pero xa estamos a falar de mulleres. De mulleres. Non me digades que non é de risa, de mulleres. Non sei por que, pero estabamos a falar doutras cousas os meus amigos e mais eu, os chinos os viños o futbito os sábados, porque non seguimos falando desas cousas e empezamos a berrar máis alto aínda e a rir moito máis aínda porque cando nos damos de conta xa estamos a falar de mulleres. Pero mira ti que risa, de mulleres. Moito rimos os meus amigos e mais eu. Rimos moito todos. E non sei por que despois ficamos todos tan serios e pagamos e marchamos como se nos entrara a todos así como moita tristura non sei por que. Pero a tristura non dura, chegamos a casa e comemos verdura e xa se nos vai pasando, e dámoslle un bico pequeno á muller e, ala, xa case pasou, hai que ver, de todo, deste modo, e para cando chegas ao choio xa estás pensando en verte cos compañeiros outra vez para rir moito. Ai que risa, canto rimos os homes. Pero o que máis nos gusta é xogar ao futbito.

## Madrugar.

Que sono. A claridade entra polos bordes da persiana. Visillos. Acababa de acordar. Tapou algo a cara, que frío fóra, e engurruñouse toda. Tocou cos pés nun vulto, unhas pernas. Había alguén na cama, había alguén con ela naquela cama. Separou os pés con coidado, a despacio. Quedou inmóbil. ¿Onde estaba? Acababa de acordar, durmira alí pola noite. Agora entraba alí a luz da mañá. ¿E quen estaba ao lado? Seguiu inmóbil. Tiña que saír de alí. Foi sacando primeiro os pés, paseniño, sen facer ruído, sen que se movan moito as sabas, e logo deslizou todo o corpo. Había unhas zapatillas encarnadas nunha alfombra estampada de flores, púxoas. Notou os seus peitos, grandes e caídos, dentro do camisón. Na mesiña de noite había un espertador, unha revista de encrucillados e unha lámpada de quinqué. Deu volta e mirou o vulto na cama. Era un home. Algo calvo. E gordo. Asomaba unha man ancha e peluda. Buscou a porta, estaba no outro lado da habitación. Pasou por diante do espello dun armario, entreviu a súa imaxe, gorda e co pelo loiro de peluquería, volveu atrás e parouse diante. ¿Que anos tería? Cincuenta e pico. Cincuenta e sete ou cincuenta e oito. Tiña enrugadas debaixo dos ollos e nos bordes da boca. Reflexado detrás dela estaba o vulto do home na cama. Saíu sen facer ruído e arrimou a porta con coidado.

Un corredor escuro, había unha porta aberta da que saía a claridade gris do mencer. Camiñou despacio. Era unha cocina. Unha fiestra con cortinas de plástico semitransparente coaba luz dun patio de luces. Era unha cocina pequena. Tamén a habitación, debía ser pequeno todo o piso. Esa debía ser a súa casa. Ela era a muller da casa. E o gordo debía ser o seu home. ¿quereríaa? Quen sabía. Se cadra tiñan fillos. Prendeu a luz. Había un frigorífico pequeno á dereita. Abriuno. Un par de zancos de polo nun pratiño. Tomates, verdura, unha tarteiriña con leite. O almorzo. Ela tería que preparar o almorzo. ¿Onde andaría o café? ¿Ou tomarían Cola-Cao? O espertador, pronto tocaría. ¿Para que hora estaría? Cerrou o frigorífico sen facer ruído, con pasios lixeiros foi á habitación, entrou, o gordo seguía durmindo. Achegouse á mesiña, colleu o espertador e arrimouno á luz que pasaba pola persiana. Eran as oito menos uns minutos, e o reloxo estaba para as oito. Pousou o espertador sen facer ruído e saíu lixeira. Volveu á cocina. ¿Onde estarían os mistos?

## Memoria

“Roxelio”. A voz da nai chamándoo desde a cocina facíao sentir a gusto entre as sabas quentes. Que gusto as sabas limpas e planchadas. As do cuartel eran máis ásperas. Que ben se estaba. ¿Cantas horas levaría durmindo? A cabeza sorrinte da nai apareceu asomada na porta entreaberta. “A ver, langrán. Vas pasar o permiso enteiro durmindo”. Colleu unha zapatilla do chan e fixo como que lle arreaba con ela, el cubriuse debaixo das mantas. “Veña, que tes o almorzo na mesa”. Destapouse e viu un pedazo de bata encarnada da nai saíndo pola porta. Aquela tarde tiña que xogar un partido cos compañeiros e pola noite levar a Charo ao baile. Tiña que aproveitar os días de permiso. ¿Querería Charo ir ao río? Tiña que mercar preservativos antes de ir xogar o partido. Ergueuse, puxo a bata verde e calzou as zapatillas. Saíu. Na cocina a súa muller quentaba o café mirando distraída para a cafeteira no lume de butano. “Ensinouche as notas o rapaz”, díxolle. Sentou na mesa

de detrás dela, acariñou cos dedos o borde da cunca de porcelana, “non”, dixo. A figura de Charo era fraca e remataba nunha cabeza despeluxada de cabelo a medias loiro e cincento. Como adelgazara cos anos. Outras mulleres engordan cos anos e os preñes, Charo adelgazara. Pasou as mans pola barriga, que lle caía por riba do cinto. Ela sacou a cafeteira do lume e colleu o cacharro do leite na outra, deu volta e botoulle na cunca leite primeiro e despois café. Botoulle un par de culleradas de azucre e empezou a remexer cando sentiu que o chamaban desde a rúa, “Roxelio”. Asomouse eran Fito e o Moccos que miraban para arriba coas carteiras dos libros na man. “Xa vou”, dixo. Colleu o bocadillo de enriba da mesa. “Espera”, dixo a nai, “envurúllao nun papel que vas manchar os libros. Tódolos días cho teño que dicir”. Colleu a páxina do xornal que lle deu a nai e envurullou lixeiro o bocadillo. Gardouno na carteira e saíu da cocina correndo e facendo o ruído do motor dun coche. Sentiuse bater a porta de fóra. Baixaba as escaleiras a modo agarrándose do varandal cunha man e axudándose co caxato na outra, “a despaciño, Roxelio, a despaciño. Non vaias ter unha caída e romper algún óso tamén ti. Os ósos dos vellos creban de contado” e pensou na pobre Charo que ficaba na cama vendo a tele coa cadeira rota. Parou e colleu aire, sacou un pano de man e pasouno polo borde da boca debaixo do bigote branco. Gardouno, inspirou forte e volveu a baixar escaleiras, “a despacio, Roxelio, a despacio. Para o pouco que vale un vello. Como pasa a vida”. En chegando ó portal viu a Fito e a o Moccos que lle dixeron “Imos”, e botaron a correr os tres coas carteiras nunha man e o outro brazo estricado como se fose a á dun avión e facendo o ruído do motor coa boca, “Rrrrrrr”.